



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: Resolucions/Acordos relativos á organización municipal para o mandato corporativo 2019/2023. **Membros da Xunta de Goberno Local e competencias delegadas.**

Expediente: 2019/G003/000384

M^a Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame, en uso das facultades que me confire a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

Antecedentes Administrativos:

Logo de ver a constitución da nova Corporación para o mandato 2019-2023, en virtude da sesión especial que tivo lugar o 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións locais convocadas polo Real Decreto 209/2019, do 1 de abril (BOE do 2 de abril), é procedente determinar o novo réxime de organización e funcionamento do Concello de Lousame.

Lexislación Aplicable:

1. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
2. Regulamento Orgánico Municipal, BOP núm. 294 do 22.12.2007 (ROM)
3. Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)

Fundamentación xurídica:

O artigo 20 da LRBRL establece que a Xunta de Goberno Local (XGL) existe en todos os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno do Concello.

O artigo 11.1.c) do Regulamento Orgánico Municipal (ROM) sinala que a Xunta de Goberno Local é un órgano básico de organización do Concello de Lousame.

O artigo 23 da LRBRL e artigo 76.1 do ROM establecen que a XGL está integrada pola Alcaldía e un número de concelleiros non superior ao terzo do número legal de membros da Corporación ($11/3=3,6$; logo un máximo de tres concelleiros); concelleiros nomeados e separados libremente pola Alcaldía, dando conta ao Pleno Corporativo.

Tal e como sinalan o artigo 23 da LRBRL e artigo 76.2 do ROM, corresponde á XGL:

- a) A Asistencia á Alcaldesa, no exercicio das súas atribucións.
- b) As atribucións que a Alcaldesa ou outro órgano municipal lle delegue ou lle atribúan as leis.

Considerando que o artigo 77.2 do ROM de Lousame establece que corresponde á Alcaldía fixar mediante decreto a periodicidade e o día e a hora das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Tendo en conta que a Alcaldesa pode delegar parte das súas competencias na Xunta de Goberno local coas formalidades e requisitos establecidos nos artigos 43, 44, 45 e 114 a 118 do ROF

Por todo o anterior, **RESOLVO:**

Primeiro: Nomear aos seguintes concelleiros e concelleiras membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Lousame:

- Don Ramón Manuel Martínez Rial
- Dona Silvia Agrafojo Filgueira
- Don José Antonio Ces Barreiro

Segundo: Delegar na Xunta de Goberno Local as competencias da Alcaldía, relativas ás seguintes materias:

1. **OEP** (artigo 21.1.g LRBRL): a aprobación da oferta de emprego público de acordo co Orzamento e o cadro de persoal aprobado polo Pleno Corporativo.
2. **Contratos patrimoniais** (DA 2ª Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público): a adxudicación de concesións sobre os bens municipais e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o orzamento base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1 da LCSP, non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de 3.000.000 €; así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicadas. Do mesmo xeito, a autorización e disposición dos gastos.
3. **Contratos administrativos e privados** (DA 2ª Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público): a devolución da garantía definitiva constituída, naqueles expedientes de contratación que sexan competencia da Alcaldía-Presidencia ao abeiro da DA 2ª da Lei de Contratos do Sector Público.
4. **Subvencións** (Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia): competencias en materia de subvencións suxeitas a un procedemento de concorrencia competitiva (*quedando excluídas, por tanto as subvencións nominativas, axudas de emerxencia social e subvención para festexos populares sen concorrencia*), en concreto:
 - a. Aprobación das bases reguladoras.
 - b. Acordo de concesión ou denegación da subvención.
 - c. Acordo de verificación e aprobación da conta xustificativa
 - d. Acordos de reintegro e imposición de sancións.
5. **Planeamento urbanístico** (artigo 21.1.j LRBRL): as aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
6. **Competencias urbanísticas no ámbito local** (artigo 21.1.q LRBRL e artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia):
 - a. Outorgamento das **licencias urbanísticas** que teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo, definidos no artigo 142.2 da Lei do Solo de





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Galicia:

- i. Actos de edificación e uso do solo e subsolo que precisen de proxecto de obras de edificación
 - ii. Intervencións en inmobles declarados BIC ou catalogados.
 - iii. Demolicións
 - iv. Muros de contencións de terras
 - v. Grandes movementos de terras e explanacións
 - vi. Parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terrenos
 - vii. Primeira ocupación dos edificios.
 - viii. Implantación de calquera uso residencial
 - ix. Tala de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva
 - b. Declarar completa a documentación presentada no procedemento para a tramitación das **comunicacións previas**; así como adoptar as medidas provisionais que se entendan oportunas para evitar toda alteración da realidade en contra da ordenación urbanística aplicable.
 - c. **Caducidade** das licencias: Concesión de prórrogas nos prazos das licencias urbanísticas; declaracións de caducidade das licencias.
 - d. Control municipal dos actos relacionados no artigo 142 da Lei do Solo de Galicia que promovan órganos **doutras Administracións Públicas** ou de dereito público.
 - e. **Protección da legalidade urbanística**: adopción dos acordos que poña fin aos expedientes de reposición da legalidade urbanística de competencia municipal; reservándose a Alcaldía a incoación do expediente, a suspensión inmediata dos actos e adopción das medidas cautelares que procedan.
 - f. **Infraccións e sancións urbanísticas**: exercicio da potestade sancionadora de competencia municipal.
7. **Competencias en materia de actividades no ámbito local** (artigo 21.1.q LRBRL e artigos 23 a 30 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do Emprendemento e da competitividade económica de Galicia). Sen embargo, o control administrativo dos establecementos abertos ao público nos que se desenvolvan espectáculos públicos ou actividades recreativas e a organización de espectáculos públicos e actividades recreativas (Título III da Lei 9/2013, do 19 de decembro), será competencia da Alcaldía.

Terceiro: Os acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas, deberán indicar a dita circunstancia. O órgano competente para a resolución do recurso de reposición contra os ditos acordos será a Alcaldía, na aplicación do artigo 9.2.c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, que prohíbe a delegación das competencias relativas á resolución de recursos.

Cuarto: Estas delegacións estarán en vigor durante o mandato corporativo 2019-2023, sen prexuízo da súa modificación, ampliación, revogación ou avocación polos trámites legalmente establecidos. Do mesmo xeito, quedan derogadas as resolucións preexistentes, ditadas no mandato corporativo 2015-2019. Os expedientes iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta resolución, serán continuados polo órgano que corresponda de acordo co novo réxime de delegacións.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Quinto: Celebrar as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local do Concello de Lousame, os mércores da segunda e cuarta semana de cada mes, ás 13:00 horas, en primeira convocatoria e unha hora despois, en segunda convocatoria, na denominada "Sala de Xuntas".

A Alcaldía poderá cambiar o día e a hora das sesións, así como suspendelas, en Semana Santa, Natividade ou outros períodos festivos; así como pospoñer ou avanzar a súa celebración dentro da mesma semana ou a inmediatamente posterior, cando o día de celebración sexa inhábil, concorran circunstancias especiais ou se considere de interese por razón de operatividade e para o bo funcionamento do Concello de Lousame.

Sexto: A Xunta de Goberno Local realizará sesión constitutiva dentro dos dez días seguintes ao desta resolución, ás 13:00 horas en primeira convocatoria; e unha hora despois, en segunda convocatoria, no caso de non existir quórum.

Sétimo: Notificar persoalmente aos designados, a presente resolución, que se considerará aceptada tacitamente salvo manifestación expresa en contrario antes da sesión constitutiva da Xunta de Goberno Local.

Do mesmo xeito, remitir comunicación aos responsables das diferentes áreas e servizos municipais para o seu coñecemento e efectos, lembrándolles que, de conformidade co artigo 177 do ROF, para que os expedientes concluídos poidan incluírse na orde do día dunha sesión, haberán de estar en poder do Departamento de Secretaría, coa correspondente proposta de acordo e co documento contable de consignación orzamentaria suficiente, no seu caso, tres días antes do sinalado para realizala.

Oitavo: A presente resolución será efectiva dende o día seguinte ao da súa data e será publicada no Boletín Oficial da Provincia, con indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal se poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente ou desde a súa publicación; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado que corresponda, dentro do prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Noveno: Dar conta da presente Resolución ao Pleno na seguinte sesión que teña lugar.

Mándao e asínoa a Alcaldía, en Lousame, na data da sinatura dixital.

A Alcaldesa

A secretaría-interventora
(no exercicio da función de fe pública, ao abeiro do
artigo 3 do RD 128/2018 do 16 de marzo)

Teresa Villaverde Pais

Paula Ares Otero



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LOUSAME

Anuncio de nomeamento de membros da XGL e delegación de competencias da Alcaldía na XGL

Anuncio de nomeamento de membros da XGL e delegación de competencias da Alcaldía na XGL

O día 17.06.2019, a Alcaldía ditou a Resolución núm. 331/2019, que de seguido se transcribe, e que se publica na aplicación do artigo 44 do RD 2568/1986, do 28 de novembro:

“M^a Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame, en uso das facultades que me confire a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

Antecedentes Administrativos:

Logo de ver a constitución da nova Corporación para o mandato 2019-2023, en virtude da sesión especial que tivo lugar o 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións locais convocadas polo Real Decreto 209/2019, do 1 de abril (BOE do 2 de abril), é procedente determinar o novo réxime de organización e funcionamento do Concello de Lousame.

Lexislación Aplicable:

1. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
2. Regulamento Orgánico Municipal, BOP núm. 294 do 22.12.2007 (ROM)
3. Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)

Fundamentación xurídica:

O artigo 20 da LRBRL establece que a Xunta de Goberno Local (XGL) existe en todos os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno do Concello.

O artigo 11.1.c) do Regulamento Orgánico Municipal (ROM) sinala que a Xunta de Goberno Local é un órgano básico de organización do Concello de Lousame.

O artigo 23 da LRBRL e artigo 76.1 do ROM establecen que a XGL está integrada pola Alcaldía e un número de concelleiros non superior ao terzo do número legal de membros da Corporación ($11/3=3,6$; logo un máximo de tres concelleiros); concelleiros nomeados e separados libremente pola Alcaldía, dando conta ao Pleno Corporativo.

Tal e como sinalan o artigo 23 da LRBRL e artigo 76.2 do ROM, corresponde á XGL:

- a) A Asistencia á Alcaldesa, no exercicio das súas atribucións.
- b) As atribucións que a Alcaldesa ou outro órgano municipal lle delegue ou lle atribúan as leis.

Considerando que o artigo 77.2 do ROM de Lousame establece que corresponde á Alcaldía fixar mediante decreto a periodicidade e o día e a hora das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta que a Alcaldesa pode delegar parte das súas competencias na Xunta de Goberno local coas formalidades e requisitos establecidos nos artigos 43, 44, 45 e 114 a 118 do ROF

Por todo o anterior, **RESOLVO:**

Primeiro: Nomear aos seguintes concelleiros e concelleiras membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Lousame:

- Don Ramón Manuel Martínez Rial
- Dona Silvia Agrafojo Filgueira
- Don José Antonio Ces Barreiro

Segundo: Delegar na Xunta de Goberno Local as competencias da Alcaldía, relativas ás seguintes materias:

1. **OEP** (artigo 21.1.g LRBRL): a aprobación da oferta de emprego público de acordo co Orzamento e o cadro de persoal aprobado polo Pleno Corporativo.

2. **Contratos patrimoniais** (DA 2ª Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público): a adxudicación de concesións sobre os bens municipais e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o orzamento base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1 da LCSP, non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de 3.000.000 €; así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicadas. Do mesmo xeito, a autorización e disposición dos gastos.

3. **Contratos administrativos e privados** (DA 2ª Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público): a devolución da garantía definitiva constituída, naqueles expedientes de contratación que sexan competencia da Alcaldía-Presidencia ao abeiro da DA 2ª da Lei de Contratos do Sector Público.

4. **Subvencións** (Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia): competencias en materia de subvencións suxeitas a un procedemento de concorrência competitiva (quedando excluídas, por tanto as subvencións nominativas, axudas de emerxencia social e subvención para festexos populares sen concorrência), en concreto:

- a. Aprobación das bases reguladoras.
- b. Acordo de concesión ou denegación da subvención.
- c. Acordo de verificación e aprobación da conta xustificativa
- d. Acordos de reintegro e imposición de sancións.

5. **Planeamento urbanístico** (artigo 21.1.j LRBRL): as aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

6. **Competencias urbanísticas no ámbito local** (artigo 21.1.q LRBRL e artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia):

a. Outorgamento das **licencias urbanísticas** que teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo, definidos no artigo 142.2 da Lei do Solo de Galicia:

- i. Actos de edificación e uso do solo e subsolo que precisen de proxecto de obras de edificación
- ii. Intervencións en inmobles declarados BIC ou catalogados.
- iii. Demolicións
- iv. Muros de contencións de terras
- v. Grandes movementos de terras e explanacións
- vi. Parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terrenos
- vii. Primeira ocupación dos edificios.
- viii. Implantación de calquera uso residencial
- ix. Tala de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva

b. Declarar completa a documentación presentada no procedemento para a tramitación das **comunicacións previas**; así como adoptar as medidas provisionais que se entendan oportunas para evitar toda alteración da realidade en contra da ordenación urbanística aplicable.

c. **Caducidade das licencias**: Concesión de prórrogas nos prazos das licencias urbanísticas; declaracións de caducidade das licencias.

d. Control municipal dos actos relacionados no artigo 142 da Lei do Solo de Galicia que promovan órganos **doutras Administracións Públicas** ou de dereito público.

e. **Protección da legalidade urbanística**: adopción dos acordos que poña fin aos expedientes de reposición da legalidade urbanística de competencia municipal; reservándose a Alcaldía a incoación do expediente, a suspensión inmediata dos actos e adopción das medidas cautelares que procedan.

f. **Infraccións e sancións urbanísticas**: exercicio da potestade sancionadora de competencia municipal.

7. **Competencias en materia de actividades no ámbito local** (artigo 21.1.q LRBRL e artigos 23 a 30 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do Emprendemento e da competitividade económica de Galicia). Sen embargo, o control administrativo dos establecementos abertos ao público nos que se desenvolvan espectáculos públicos ou actividades recreativas e a

organización de espectáculos públicos e actividades recreativas (Título III da Lei 9/2013, do 19 de decembro) será competencia da Alcaldía.

Terceiro: Os acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas, deberán indicar a dita circunstancia. O órgano competente para a resolución do recurso de reposición contra os ditos acordos será a Alcaldía, na aplicación do artigo 9.2.c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, que prohíbe a delegación das competencias relativas á resolución de recursos.

Cuarto: Estas delegacións estarán en vigor durante o mandato corporativo 2019-2023, sen prexuízo da súa modificación, ampliación, revogación ou avocación polos trámites legalmente establecidos. Do mesmo xeito, quedan derogadas as resolucións preexistentes, ditadas no mandato corporativo 2015-2019. Os expedientes iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta resolución, serán continuados polo órgano que corresponda de acordo co novo réxime de delegacións.

Quinto: Celebrar as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local do Concello de Lousame, os mércores da segunda e cuarta semana de cada mes, ás 13:00 horas, en primeira convocatoria e unha hora despois, en segunda convocatoria, na denominada "Sala de Xuntas".

A Alcaldía poderá cambiar o día e a hora das sesións, así como suspendelas, en Semana Santa, Natividade ou outros períodos festivos; así como pospoñer ou avanzar a súa celebración dentro da mesma semana ou a inmediatamente posterior, cando o día de celebración sexa inhábil, concorran circunstancias especiais ou se considere de interese por razón de operatividade e para o bo funcionamento do Concello de Lousame.

Sexto: A Xunta de Goberno Local realizará sesión constitutiva dentro dos dez días seguintes ao desta resolución, ás 13:00 horas en primeira convocatoria; e unha hora despois, en segunda convocatoria, no caso de non existir quórum.

Sétimo: Notificar persoalmente aos designados, a presente resolución, que se considerará aceptada tacitamente salvo manifestación expresa en contrario antes da sesión constitutiva da Xunta de Goberno Local.

Do mesmo xeito, remitir comunicación aos responsables das diferentes áreas e servizos municipais para o seu coñecemento e efectos, lembrándolles que, de conformidade co artigo 177 do ROF, para que os expedientes concluídos poidan incluírse na orde do día dunha sesión, haberán de estar en poder do Departamento de Secretaría, coa correspondente proposta de acordo e co documento contable de consignación orzamentaria suficiente, no seu caso, tres días antes do sinalado para realizala.

Oitavo: A presente resolución será efectiva dende o día seguinte ao da súa data e será publicada no Boletín Oficial da Provincia, con indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal se poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente ou desde a súa publicación; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado que corresponda, dentro do prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Noveno: Dar conta da presente Resolución ao Pleno na seguinte sesión que teña lugar"

Lousame, a 17 de xuño de 2019

A Alcaldesa

Mª Teresa Villaverde Pais

2019/4898